

## OS PSICÓLOGOS COMO PERITOS E COMO TESTEMUÑAS

### PERITO E TESTEMUÑA

Na profesión de Psicólogo/a encontrámonos con moita frecuencia a situación de que somos requiridos polos xulgados para a elaboración e defensa en xuízo de informes psicolóxicos. Compre facer aquí unhas cantas precisións sobre as diferenzas entre ser chamado como perito ou coma testemuña.

O perito é un profesional dotado de coñecementos especializados que asesora aos tribunais de xustiza (á propia instancia ou a solicitude dunha das partes) sobre puntos litixiosos que son materia do seu ditame pericial.

A testemuña é unha persoa que é chamada ao proceso e que aporta os seus coñecementos subxectivos sobre feitos que percibiu ou que lle foron contados.

A principal diferenza, polo tanto entre ambas figuras é que o perito é contratado para facer un ditame pericial obxectivo, de valoración, mentres que a testemuña, debido a súa relación cos feitos axuízados (terapia psicolóxica a unha das partes do proceso, xeralmente) é requirida para aportar os seus coñecementos subxectivos sobre os feitos obxecto do litixio, coa finalidade de auxiliar á administración de xustiza.

No ámbito da psicoloxía debemos aclarar que calquera psicólogo/a pode ser chamado como testemuña a un proceso, nembargantes, para poder ser contratado como perito debe cumprir os requisitos esixidos pola normativa vinculante.

Outras diferenzas entre estas dúas institucións encontrámolas no ámbito da recusación (só os peritos poden ser recusados, xa que deben ser imparciais); na obriga de declarar que se impón as testemuñas (os peritos poden rexeitar o encargo antes da súa aceptación); na substitución (só poden ser substituídos os peritos); así como nas advertencias legais que a xustiza lles realiza: a testemuña é advertida da obriga de dicir a verdade, e da responsabilidade penal na que incorrerá se faltase a tales deberes, mentres que o perito é advertido da obriga de proceder fielmente no desempeño das súas funcións .

	PERITO	TESTEMUÑA
<b>TIPO RECOÑECIMIENTO</b>	Obxectivo	Subxectivo
<b>APTITUDE</b>	Cumprimento dos requisitos	Calquera persoa física
<b>RECUSACIÓN</b>	Pode ser recusado	Non cabe recusación
<b>RECHAZO</b>	Poden rexeitar o encargo	Deben declarar obrigatoriamente
<b>OBRIGAS</b>	Proceder fielmente	Dicir a verdade